

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE CESAR
CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
DATA: 04-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE CESAR CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS NATURAIS
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB 1.1.1. Transmite información de forma oral sobre un tema dado.
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas.
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.2 Recoñece as partes do corpo: cara, segmentos corporais, articulacións.
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.2. Identifica as características das plantas e dos animais.
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural o una aula e comunicar de xeito oral he escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos con axuda a partir da observación e comunícaos.
B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificandop algunhas propiedades físicas.	CNB4.2.1. Utiliza os sentidos para diferenciar as cualidades dos obxectos.
B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno.
B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	CNB5.1.2. Manexa aparellos e máquinas simples de uso cotián.
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.1. Identifica as diferentes partes dun ordenador.
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada.
CIENCIAS SOCIAIS 1º	CIENCIAS SOCIAIS 1º
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organízala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introducción ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1. A través de diferentes textos traballados chega a conclusións guiadas.
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área adecuada á súa idade.
B2.1. Identificar os elementos da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos, e outras fontes incluídas as TIC de modo guiado (familia,

	profesorado,...)
B2.1. Identificar os elementos da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.2. Describe os elementos básicos da súa contorna.
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	CSB 2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga adecuado á súa idade.
B2.6. Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo: lúa, estrelas e sol.
B2.7. Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	CSB2.7.1. Identifica as diferentes partes do día (mañán, tarde e noite).
B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home.
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1. Identifica alguna medida para a conservación da natureza máis próxima (reciclar, reutilizar e reducir).
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa e o uso de cada unha delas.
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila e aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1. Identifica os diferentes medios de transporte da contorna e de vivencia directa: coche, moto, bicicleta, autobús, tractor,...
B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deberá recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	CSB 3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ,...
B4.1. Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.	CSB4.1.1. Emprega expresións temporais para localizar, explicar, situar feitos da súa vida.
B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da familia.	CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.
LINGUA CASTELÁ 1º	LINGUA CASTELÁ 1º
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias na aula.	LCB1.4.1. Utiliza un vocabulario axeitado á súa idade.
B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes.	LCB1.5.1. Localiza a idea principal do texto.
B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Identifica alguna idea xeral sobre temas do seu interese.
B1.7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos poemas e contos.
B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB 1.8.1. Adecúa a entoación e o volumen á representación dramática.
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario e unha secuencia coherente.	LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo.
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situación con vocabulario e unha secuencia coherente.	LCB.1.9.3. Utilizar expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañán, pola noite.

B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Le textos sinxelos.
B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.
B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.	LCB3.1.1. Discrimina sons nas palabras e traballa aspectos grafomotores.
B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra os seus escritos con ilustracións.
B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación.	LCB3.3.1. Escribe con axuda textos moi sinxelos: listas.
B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación.	LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con letra lexible.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Identifica sílabas e fonemas dentro da palabra.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.3. Distingue con dúbidas o nome e o adxectivo en palabras significativas.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando o xénero e o número. Ten erros en canto concordancia xénero e número.
B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Usa maiormente a maiúscula ao principio da frase.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Ordea unha frase.
B4.5. Utilizar programas e aplicación educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utilizas as TIC, de xeito guiado, como ferramenta de aprendizaxe.
B5.2. Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos.
B5.4. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.4.1. Participa na recreación de sinxelos textos literarios.

LINGUA GALEGA 1º

LINGUA GALEGA 1º

B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información relevante de textos orais moi sinxelos.
B1.2. Comprender información audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende información relevantes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons.
B1.5. Participar nas diversas situación de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en situación de comunicación.
B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuado nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.6.1. Usa fórmula sinxelas de tratamento adecuadas para saudar. Despedirse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou	LGB2.1.1. Localiza o tema extraendo únicamente as palabras textuais do relato.

procedentes dos medios de comunicación.	
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.2. Comprende información concretas en textos sinxelos, propios de situación cotiás.
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.3. Localiza a idea principal dun texto.
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta a información de ilustracións.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese e explica as súas preferencias lectoras.
B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinión e valoracións sobre as lecturas feitas. Repítese a miúdo.
B.3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situación cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como listas e normas.
B.3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situación cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.2. Elabora listas.
B.3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situación cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.3. Ás veces usa o punto final nos seus escritos.
B.3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situación cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.5.1. Ilustra os seus escritos con imaxes.
B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.6.1. Presenta aos seus escritos con letra lexible.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB4.1.3. Identifica os nomes propios.
B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.
	LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta para chegar progresivamente á expresividade lectora.

MATEMÁTICAS 1º	MATEMÁTICAS 1º
B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple ou en contextos da realidade.
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Amosa interese por presentar os traballos de forma limpa, clara e ordenada.
B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada.	MTB 1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
B2.1. Ler, escribir e ordear números enterios utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
B2.1. Ler, escribir e ordear números enterios utilizando razoamentos apropiados.	MTB 2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais ata a decena.
B 2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situación da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais ata o décimo.
B 2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situación da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
B 2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situación da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das cifras.
B 2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situación da vida cotiá.	MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexión entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados (sumas e restas sen levar).
B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	MTB 3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB 3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación, hora, media hora, día, semana e ano.
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situación familiares.	MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto utilizando os conceptos espaciais básicos (esquerda, dereita, abaixo, arriba, preto, lonxe) en relación a un mesmo.
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situación familiares.	MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto utilizando os conceptos espaciais básicos (esquerda, dereita, abaixo, arriba, preto, lonxe) en relación a outros puntos de referencia.
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do

	contorno inmediato.
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 1º	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 1º
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.
B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir alguna estratexia de control dos impulsos.	VSCB1.3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.
B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.
B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situación informais de interacción social.
B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.
B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Intercambios orais mediante vídeos e audios co alumnado. Análise das producións que se realizan desde os seus fogares. Resultados obtidos co método Snappet.</p>
	<p>Instrumentos: Resolución de problemas e exercicios variados a través de fichas. Producións orais. Textos escritos e comprensión lectora. Xogos interactivos(quizizz,...). Método dixital Snappet.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final é o resultado da nota media da primeira e da segunda avaliación. O alumnado que non acadase unha cualificación positiva na nota media da 1ª e 2ª avaliacións poderá superar a materia sempre e cando demostre que acadou, coas tarefas de reforzo, recuperación e repaso do 3º trimestre, os estándares definidos como esenciais polo profesorado trala aplicación dos criterios de avaliación asociados a cada un deles. As tarefas realizadas durante o terceiro trimestre sempre terán unha valoración positiva.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Pese a peculiaridade da situación tentaremos manter os principios metodolóxicos indicados nas programacións, se ben en certos momentos non será posible aplicar certos principios, pola imposibilidade de levar a cabo certas tarefas que impliquen a presenza física e a interacción do alumnado. Semanalmente envíanse á inspección educativa copia das actividades realizadas.

A modo de exemplo, poñemos as seguintes actividades tipo:

CC. NATURAIS

- Powerpoint sobre os seres vivos e os animais (mamíferos, peixes, aves, réptiles, anfíbios e insectos). Fichas complementarias sobre os mesmos.
- Investigación no horto ou no xardín (no caso de telo) ou senón mediante libros, documentais, internet,... sobre a localización de tres árbores, tres arbustos e tres herbas. Debuxalos e poñerlle o seu nome.
- Cantar e aprender a canción de Migallas sobre o esqueleto.

CC. SOCIAIS

- Realización dunha árbore xenealóxica.
- Realización dun medio de transporte con material de refugallo.
- Debuxo da aldea, vila ou cidade onde vive o alumno ou alumna.

LINGUA CASTELÁ

- Exercicios co método dixital SNAPPET.
- Lectura e comprensión dun texto. Ilustración do mesmo.
- Representación dun conto en familia.

LINGUA GALEGA


- Lectura e comprensión dun texto. Ilustración do mesmo.
- Poema "O galo" de Antonio García Teijeiro, entoado polo alumnado nunha presentación de imaxes.
- Letras Galegas: Presentación duns debuxos do alumnado, narrando un pequeno relato de "As pitas baixo a choiva", do autor homenaxeado Ricardo Carvalho Calero.

MATEMÁTICAS

- Exercicios co método dixital SNAPPET.
- Resolución de problemas sinxelos.
- Xogo interactivo
<https://es.ixl.com/?partner=google&campaign=1414723171&adGroup=52451758541&gclid=EAIaIQ>

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Dramatización dun conto en familia sobre os diferentes estados de ánimo.
- Debuxo sobre como se sente ante esta situación que estamos a vivir.
- Vídeos de youtube con valores, por exemplo:
El principio <https://youtu.be/xMdrJknUCQA>

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Ante unha situación como a actual, non todas as familias contan cos mesmos recursos para poder afrontar as propostas establecidas. Por esa razón, artellamos as seguintes medidas compensatorias, e que permiten adaptarse a cada situación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Todas as propostas enviadas contan tamén coa súa explicación por escrito. Nalgún caso están sendo entregadas polo servizo gratuito ofertado polo Concello, e do que foron informadas as familias facendo o centro e os docentes de mediadores para que lle fagan chegar as propostas impresas. Envíanse e recóllense semanalmente. • As tarefas envíanse o día anterior (ás 20.00 h. aproximadamente) ao correo gmail que se creou para dar respostas ás necesidades que estamos a vivir. • Non se establece un horario fixo para a realización das tarefas, senón que se propoñen de xeito que poidan levarse a cabo no momento en que cada familia o considere. • Ofrécense manuais de uso de ferramentas (por exemplo: Abalar móbil, Snappet,...), así como un asesoramento individualizado ante as dúbidas técnicas que teñan, tanto en relación ás ferramentas tecnolóxicas a empregar así como das propostas feitas. • Gran variedade de canles de comunicación coas familias tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Todas as propostas de actividades implican, en principio, contar con recursos TIC para o acceso ás mesmas. Puxémonos en contacto coas familias para saber se podían acceder ás propostas polo menos a través do móbil, ordenador ou tablet. Observamos que a gran maioría está accedendo sen problema. En todo momento se evitou un trato desigual derivado do uso das tecnoloxías.</p> <p>Enlaces de youtube de Happy Learning sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Los mamíferos https://youtu.be/eZXJ-g4jBG4 * Animais vertebrados https://youtu.be/uQo9wZS2BC0 * Animais invertebrados https://youtu.be/uQo9wZS2BC0 * As aves https://youtu.be/j4V2dema2yI * Curiosidades as aves https://youtu.be/h2EZ70Cv9c4 * Anfibios https://youtu.be/wX5gL-sgr80 * Réptiles https://youtu.be/P-92RX0XqCc * Curiosidades dos réptiles https://youtu.be/kkIHO5ttwH4 * Insectos https://youtu.be/3tXZZTy_ncE <p>* Powerpoints realizados pola mestra sobre os diferentes tipos de animais.</p>  <ul style="list-style-type: none"> • Xogo interactivo de adiviñas de animais. https://view.genial.ly/5e7bae5e9a293c0e3237bb07 • Xogo quizizz sobre o Proxecto das Olimpíadas (realizado pola mestra). https://quizizz.com/join?gc=687477 • Método dixital SNAPPET • Xogo de matemáticas interactivo <p>https://es.ixl.com/?partner=google&campaign=1414723171&adGroup=52451758541&gclid=EA1aIQ</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas impresas. • Powerpoint explicativo realizado pola mestra sobre os números pares e impares. NÚMEROS PARES E IMPARES • Titorial de youtube para a realización dunha árbore xenealóxica. https://youtu.be/3tXZZTy_ncE https://youtu.be/Qckmvzk8cY8 • Xogo quizizz sobre a árbore xenealóxica. • Powerpoint sobre os medios de transportes. OS MEDIOS DE TRANSPORTE • Realización dunha presentación cos medios de transportes feitos polo alumnado. https://www.facebook.com/ceip.sanclemente/videos/640659769999678/?t=4
--	--

4. Información e publicidade	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>O procedemento empregado para informar ás familias foi:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazo Abalar- Abalar Móbil: <ul style="list-style-type: none"> ➢ A través do sistema de mensaxería mantemos a comunicación con todas as familias. ➢ Mensaxes individuais, con resposta activada, para manter con o contacto directo coas familias. ➢ Acceder ás cualificación trimestrais dos alumnos/as. • Correo electrónico. • Páxina web do centro. • Teléfono. • Videoconferencias. • Calquera outra vía de comunicación que facilite ás familias o contacto, habida conta da situación excepcional que estamos a vivir: Facebook, WhatsApp...
<p>Publicidade</p>	<p>Este documento será colgado na páxina web do centro para o coñecemento público de toda a comunidade para o cal falicitamos o enlace: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanclementecesar/</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE CESAR CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
---	---------------	---